



Victor Casqueiro Casqueiro proclámase Campión Provincial de Pontevedra de Cans de Rastro de Coello

O pasado 22 de setembro de 2007 no Tecor “San Martín” de O Grove tiña lugar o XIV Campionato Provincial de Pontevedra de Cans de Rastro na modalidade de coello, organizada pola FGC en colaboración coa Sociedade de Caza ‘San Martín’ de O Grove.

Participaban un total de 16 lotes, o cal sumaba un total de 64 cans, onde predominaban os beagles e os leonados de breaña. Así pois, foi o lote conducido por Victor Casqueiro Casqueiro, formado íntegramente por beagles, quen acadou a máxima puntuación na proba e polo tanto se proclamaba Campión Provincial. Segundo clasificado foi Gustavo Casqueiro Gradín tamén cun lote de beagles, rematando a escasos puntos do primeiro clasificado. No terceiro posto rematou José Cacabelos Otero que conducía un lote de mestizos.



O premio ó mellor can da proba foi para ‘Pinto’, un beagle conducido por Fernando González Padín, que destacaba especialmente entre os seus compañeiros de lote.

CLASIFICACION FINAL

Pos.	Conductor / Propietario	Nome dos Cans	Puntos
1º	Victor Casqueiro Casqueiro	LOR / LINA / RITA / TON	424
2º	Gustavo Casqueiro Gradín	LUNA / LUNA / DUQUE / TROS	421
3º	José Cacabelos Otero	RULA / RUA / ILLA / MONO	385
4º	Julio González Souto	DIANA / LUNA / AINOA / FARA	368
5º	José M. Brea Gómez	ROSA / PECA / PELE / LAICA	351
6º	Daniel Morais Fernández	ROY / NORA / JAVO / GRETA	340